

BE

NADAL DE LIBROS DE CINE DE MÚSICA

2005 / 2006
BIBLIOTECA ESCOLAR

LITERATURA

Título: *El joven Lennon*
Autor: **Jordi Sierra i Fabra**
Sierra i Fabra
Xénero. Biografía



Un relato sobre a primeira xuventude do líder dos míticos Beatles. Tense escrito moito sobre John Lennon, o cantante símbolo de toda unha época. Pero apenas é coñecida a súa adolescencia, entre os catorce e os dezaioito anos. E eses anos da vida do "beatle" por excelencia son apaixonantes. Todo o que John Lennon fixo xestouse nesa fase da súa vida. Tal vez, a adolescencia de John é a adolescencia de todos.

Titulo.
O heroe
Autor.
Manuel Rivas
Xénero. Teatro



Dende a coruñesa boite "Pandora", pasando pola praza de Maria Pita e os "Caneiros" de Betanzos, Manuel Rivas debuxa unha historia protagonizada por un lexionario, un intelectual e a súa compañeira para falar da represión, o valor das ideas, o amor e o compromiso social.

Titulo.
A mansión dos Pampín
Autor.
Miguelanxo Prado
Xénero.
Banda deseñada.



Álbum de banda deseñada arredor do caos urbanístico en clave de humor. Desenvolvido no marco do Proxecto Terra do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia (COAG). **Miguelanxo Prado** é o autor máis importante na historia da banda deseñada galega. Destaca o seu álbum "Páxinas crepusculares", que contén historias curtas de orixes diversas. Foi o creador do Xabarin da TVG.

CINE estreos



dvd



MACHUCA
Andrés Wood



Despois de *El Pianista*, o cineasta Roman Polanski achégase ó mundo de Charles Dickens, *Oliver Twist* O personaxe novelesco creado por Charles Dickens entre 1837 e 1839, e que cada vez que o recordamos transpórtanos á aquela época cando a vida inglesa pasaba por un dos seus períodos máis brillantes e miserables ó mesmo tempo.

La guerra de los mundos

Steven Spielberg
O rico universo da novela de H. G. Wells -que no seu día inspirou a terrorífica emisión radiofónica de Orson Welles- da como resultado unha película na que Spielberg, respectando o espírito do libro, desprega os mellores efectos especiais e visuais para recrear un mundo invadido por forzas alienixenas.

Pedro Machuca está na mesma clase de Gonzalo Infante. O primeiro vive nun barrio acomodado, o segundo nun poboado a pouca distancia e entre eles nace unha amizade chea de descubrimentos e sorpresas. Pero ás dificultades obxectivas deste intento de integración engádense as que se derivan do clima de aberto enfrontamento social que vive a sociedade chilena...

MÚSICA

Titulo :
IMAGINE

Autor :
John Lennon

Xénero: Pop-rock



Vintecinco anos da súa morte

John Lennon é recordado como un xenio da música. Naceu o 9 de decembro de 1940 e morreu o 8 de decembro de 1990. Cúmpanse 25 anos da súa morte. O Seu mellor disco foi *Imagine*. Disco publicado en setembro de 1971. Unha das cancións que da título ó disco é *Imagine* que é un canto á paz e á solidariedade. Tamén contén canción protesta como I Don't Wanna Be A Soldier

IES SANXENXO

IMAGINE

Imagine there's no heaven,
It's easy if you try,
No hell below us,
Above us only sky,
Imagine all the people
living for today...

Imagine there's no countries,
It isn't hard to do,
Nothing to kill or die for,
No religion too,
Imagine all the people
living life in peace...

Imagine no possessions,
I wonder if you can,
No need for greed or hunger,
A brotherhood of man,
Imagine all the people
Sharing all the world...

You may say I'm a dreamer,
but I'm not the only one,
I hope some day you'll join us,
And the world will live as one.

Imaxina que non hai ceo
É fácil, se o intentas
Nin inferno debaixo de nós
Riba de nós, tan só o firmamento
Imaxina a toda a xente
Vivindo para o presente

Imaxina que non hai países
Non é difícil de facer
Nada polo que matar ou morrer
Nin relixión tampouco
Imaxina a toda a xente
Vivindo a vida en paz

Imaxina que non houbera posesións
Pregúntome se poderías
Non habería avaricia nin fame
Unha irmandade de homes
Imaxina a toda a xente
Compartindo todo o mundo

Podes dicir que eu son un soñador
Pero non son o único
Agardo que algún día ti te unas a nós
E todo o mundo vivirá coma un só.

John Lennon

GUÍA BE nº 1

curso 2005 / 2006

PROPOSTAS 1º TRIMESTRE

LITERATURA

- DOCAMPO, XAVIER. *O Misterio das Badaladas*
- MONTERO, ROSA. *Historia del Rey Transparente*. (Leola, unha adolescente que vivirá unha existencia aventureira na Francia das loitas feudais)
- LEWIS C. S. *Crónicas de Narnia*. (As aventuras dos irmáns Pevenisie en Narnia, terra de fantasía e maxia)
- RIVAS, MANUEL. *O Lapis do Carpinteiro*.
- VIDAL, CARME. *Maruxa Mallo*. (Biografía da artista vangardista)

CINE

- GÓMEZ, M. e De La CRUZ, A. *O Bosque Animado* (baseada na obra de Wenceslao Fernández Flórez)
- REED, CAROL. *Oliver*, musical de 1968 galardoado con 6 Oscars.

MÚSICA

- *The Beatles* (1957 – 1970)

Fai chegar as túas opinións á caixa de suxestións da Biblioteca ou a través do correo electrónico.

ies.sanxenxo@edu.xunta.es

www.

<http://centros.edu.xunta.es/iessanxenxo>

Utiliza a Biblioteca

Descubre o que che
ofrecemos

Colabora con nós

Biblioteca

O servizo que o Instituto pon a túa disposición para axudarte nas túas necesidades de estudo e formación.

Biblioteca Escolar Ies Sanxenxo

GUÍA LECTURAS BE nº 1 curso 2005 / 2006

